



PROTOCOLO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, ORDES E RIANXO PARA A CREACIÓN DE CENTROS RESIDENCIAIS DE MAIORES

Na Coruña, a 31 de Marzo de 2023

Protocolo Nº 3 /2023

Dunha parte D. Xosé Regueira Varela, vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña en representación da mesma en virtude de resolución da presidencia número 13350 de data 31 de marzo de 2023, pola que o Presidente da Deputación delega a formalización do presente protocolo.

E doutra:

A concelleira delegada de Política Social do Concello de Ordes, Susana García Gómez.

O Alcalde- Presidente do Concello de Rianxo, Adolfo Francisco Muíños Sánchez.

O Alcalde- Presidente do Concello de As Pontes, Valentín González Formoso.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón os seus cargos lles están atribuídas e manifestan que interveñen con capacidade legal necesaria e competencia suficiente para subscribir o presente protocolo xeral de cooperación e, para ese efecto,

EXPOÑEN

1.- A Comunidade Autónoma de Galicia, en execución das súas competencias estatutarias, aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia (en adiante LSSG), que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma para a construción do sistema galego de benestar, cuxo artigo 60 establece como competencias dos concellos, entre outras, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59.i da mesma.



Deputación
DA CORUÑA



concello de
ORDES



Rianxo
Concello



Concello de
As Pontes
de García Rodríguez

Por outra banda, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente, consonte co previsto no artigo 62 da LSSG. Estas competencias cualifícanse como propias dos concellos.

A Deputación Provincial da Coruña, ten como fins propios e específicos os enumerados no artigo 31.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LRBRL), indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118.e) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, a realización de obras en todo o territorio provincial. E, por último, o artigo 30.6 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante TRLRL) sinala, dentro das formas de cooperación das Deputacións, a dos “*convenios*” de execución de obras e instalación de servizos.

O artigo 36.1 LBRRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguinte:

- A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención (art. 36.1 b)
- A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (art. 36.1d).

A LALGA, regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b), “*a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión*”.



Deputación
DA CORUÑA



concello de
ORDES



Rianxo
Concello



Concello de
As Pontes
de García Rodríguez

En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a *Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden*”.

Os artigos 114 e 115 da LALGA regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.

O artigo 63 da LSSG en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes; e ademais, a Xunta de Galicia (art. 64 LSSG) promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos; esta cooperación interadministrativa resulta reforzada polo artigo 64.bis, introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, que á súa vez reforza o carácter de competencia propia dos concellos en canto aos servizos comunitarios.

Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso mellorar os servizos públicos de carácter social (centro de día e residencia de maiores), cuxa prestación se localiza en distintos municipios da Provincia da Coruña.

O propio artigo 57.3 da LBRLL dá prevalencia a subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación e que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Exposto o anterior, a Deputación da Coruña ten feito un estudo para diagnose dos Servizos Sociais da nosa provincia no que se detectou unha eiva significativa de dotacións destinadas a maiores, especialmente de tipo residencial. As residencias existentes no territorio non responden a demanda real, ademais de ser en moitos casos de titularidade privada.



Deputación
DA CORUÑA



concello de
ORDES



Rianxo
Concello



Concello de
**As Pontes
de García Rodríguez**

Froito do sistema existente, moitos maiores vense na obriga de residir lonxe do seu entorno, ao non existir recursos próximos, fomentando un desarraigo e unha imposibilidade de seguir vinculados ao núcleo familiar, ocasionando dolorosos episodios de soidade non desexada.

Por outra banda, a pandemia puxo de relevancia a necesidade doutro modelo residencial, de menor escala, e afastado do modelo clásico de “gran contedor”, similar a unha instalación hoteleira, por un modelo máis asimilado a un conxunto apartamental, vinculado ao entorno en consonancia cos novos modelos observado noutros países.

Produto desa necesidade nace a vontade da Deputación Provincial de facer un proxecto para a construción e posta en funcionamento de tres residencias de carácter comarcal, cunha capacidade de 50 prazas cada unha delas, nos concellos de As Pontes de García Rodríguez, Ordes e Rianxo, co fin de dar servizo aso mesmos e aos seus concellos limítrofes.

O presuposto para atender a esta necesidade é de 6.000.000,00 €.

2.- Visto o anterior, considérase procedente a firma dun protocolo de cooperación da Deputación cos tres concellos nomeados, como primeira fase dunha actuación que concluirá na construción e posterior xestión de tres residencias nos concellos de As Pontes de García Rodríguez, Ordes e Rianxo coas seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente protocolo ten como obxecto establecer as bases de colaboración entre A Deputación da Coruña e os concellos de As Pontes de García Rodríguez, Ordes e Rianxo para a construción das tres residencias.

Segundo o previsto polo equipo de goberno da Deputación, a posterior xestión das mesmas correrá a cargo da Deputación da Coruña, sen menoscabo dos posibles acordos de colaboración interadministrativa para o seu financiamento.

SEGUNDA.- Compromisos das partes

Para acadar a finalidade expresada na cláusula anterior, as partes representadas comprometen a súa vontade, para levar a cabo as seguintes xestións:



Deputación
DA CORUÑA



concello de
ORDES



Rianxo
Concello



Concello de
As Pontes
de García Rodríguez

a) Os concellos participantes comprométense a tomar acordo no Pleno da corporación aprobando a colaboración coa Deputación da Coruña para levar a cabo a redacción do proxecto e para a cesión dos terreos á Deputación onde se situarán os Centros Residenciais de Maiores.

Os terreos propostos polos concello onde se situarán os Centros Residenciais de Maiores concréntanse nos seguintes:

Concello de Ordes:

- PARCELA A5 (REF CATASTRAL 81956A5NH4689S0001JP)
- PARCELA 76 (REF CATASTRAL 8195676NH4689S0001DP)
- PARCELA 77 (REF CATASTRAL 8195677NH4689S0001XP)
- PARCELA 78 (REF CATASTRAL 8195678NH4689S0001IP)
- PARCELA 79 (REF CATASTRAL 8195679NH4689S0001JP)

Concello de Rianxo: SAU Rianxiño Z13 (REF CATASTRAL 5925101NH1252N0001PX)

Concello de As Pontes: rúa Pardo Bazán 120 (REF CATASTRALS 2521049NJ9122S0001RQ e 2521049NJ9122S0002TW)

c) Os concellos participantes comprométense a facilitar ou colaborar na consecución de calquera permiso, autorización ou trámite que resulte necesario para levar a cabo a construción das residenciais.

d) As partes asumen o compromiso de que as futuras construcións sexan declaradas de especial interese social, poidéndose outorgar a máxima bonificación sobre a cota do ICIO, modificándose de resultar preciso as ordenanzas fiscais dos concellos.

e) Calquera outra que, relacionada cos fins que teñen encomendados as partes asinantes, decidan de común acordo.

f) A Deputación da Coruña comprométese a tramitar as autorizacións necesarias ante a Administración competente para a construción dos Centros Residenciais de Maiores.

As persoas asinantes procurarán o desenvolvemento da súa colaboración nas áreas descritas no presente instrumento, na medida en que llelo permitan a súa capacidade organizativa e funcional, así como as súas dispoñibilidades orzamentarias en cada momento.

TERCEIRA.- Fases do proxecto de construción e posta en funcionamento:

- Sinatura deste protocolo cos concellos.

- Redacción dos proxectos polos concellos.
- Solicitude da preceptiva autorización á Xunta de Galicia.
- Estudo de viabilidade.
- Construción das residencias.
- Declaración de servizo público.

CUARTA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente protocolo, créase unha comisión mixta. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do protocolo, e estará formada por dous representantes de cada concello e dous representantes da Deputación da Coruña.

QUINTA.- - Vixencia do protocolo

O presente protocolo de colaboración estará vixente polo período dun ano desde a data da súa sinatura, prorrogable pola petición de calquera das partes.

Aínda que é firme a vontade de materializar o presente protocolo, ambas partes renuncian a calquera reclamación ou solicitude de indemnización se non se producise a aprobación e realización das actividades propostas.

Este protocolo finalizará ao transcorrer o prazo establecido. Igualmente, calquera das dúas institucións poderá dalo por rematado; para iso deberá comunicarllo por escrito á outra parte cunha antelación mínima de tres meses antes da data en que desexe rematalo.

SEXTA .- Publicidade e transparencia

As partes procurarán a difusión pública do presente protocolo de actuación e das actividades conxuntas que poidan desenvolver con posterioridade. En relación con esta difusión, poderase facer constar, nas correspondentes comunicacións públicas, os logotipos e imaxes corporativas de cada institución nas condicións que se acorden e de conformidade coas súas respectivas normativas internas aplicables.

A sinatura deste acordo suporá o consentimento expreso das partes para incluír e facer públicos os datos referidos ao protocolo de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia,



acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

SÉTIMA.-

As persoas asinantes do presente documento colaborarán en todo momento de acordo cos principios de boa fe e de eficacia.

Conforme o disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a subscrición do presente documento non comporta obrigaón legal nin compromisos xurídicos concretos esixibles para as partes.

E en proba de conformidade, asinan por cuatuplicado o presente protocolo, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE EN FUNCÍONS DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**A CONCELLEIRA DELEGADA DE POLITICA
SOCIAL DO CONCELLO DE ORDES**

Asdo: Xosé Regueira Varela

Asdo.: Susana García Gómez

**O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE
RIANXO**

**O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE
AS PONTES**

Asdo.: Adolfo Francisco Muíños Sánchez

Asdo.: Valentín González Formoso